



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES E TALENTOS ENTROIDO 2017

1.- CATEGORÍAS

Establécense dúas categorías:

- Categoría de disfrace colectivo: *Comparsas* (mínimo 10 compoñentes)
- Categoría denominada *Camariñas Talent* (ningunha limitación de idade, número de participantes ou estilo de actuación)

2.- PREMIOS

- Concurso de Comparsas: Primeiro premio: 800€; segundo premio: 400€ e terceiro premio: 200€.

Premios de consolación de 5€ para as comparsas non gañadoras.

- Concurso *Camariñas Talent* : un único premio de 150€

3.- VALORACIÓNS

- *Concurso de Comparsas*: valorarase a orixinalidade e harmonía de cada comparsa, a posta en escena, a simpatía na representación dos disfraces sobre o escenario, así como a confección do mesmo con motivos propios do Entroido.

Ademais terase en consideración a participación da comparsa no desfile polas rúas de Camariñas previo ao concurso. O desfile de comparsas sairá as 17:00 horas da Praza da Insuela .

- *Concurso Camariñas Talent* valoraranse as habilidades de talento e artísticas do participante ou dos participantes en calquera campo do coñecemento, sen impoñer ningún tipo de limitación na idade, número de participantes ou estilo de actuación.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

4.- INCRICIÓNS E PRAZO

A inscrición dos participantes no concurso de comparsas e Camariñas Talent realizarase na Biblioteca Municipal de Camariñas (Praza da Insuela, 31) en horario de luns a venres e de 10:00-13:00 a 16:00-19:00. Teléfono: 981737234.

No momento da inscrición o representante terá a obriga de indicar as necesidades técnicas específicas necesarias para o desenvolvemento da súa actuación.

O prazo para a inscrición de comparsas remata o día 27 de febreiro de 2017 ás 14.00h.

O prazo para a inscrición de Camariñas talent remata unha hora antes do concurso.

5.- DATA E HORA

Os concursos de comparsas e Camariñas Talent realizaranse durante a Festa de Entroido, o martes 28 de febreiro, ás 18:00h, no pavillón municipal de Camariñas.

A valoración das comparsas realizarase durante a celebración do concurso e durante o desfile previo a este. Será conveniente que cada grupo se identifique cun cartel co nome da comparsa e o tema elixido situándoo na cabeceira do desfile.

A valoración dos participantes do Camariñas Talent realizarase durante a celebración do concurso, non sendo necesario desfile previo.

6.- O xurado non terá vinculación cos grupos ou persoas participantes e contará coa presenza dun Presidente/a e un Secretario/a.

7.- O fallo do Xurado será inapelable. A interpretación que se faga do non recollido expresamente nestas bases corresponde á Organización.

8.- A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.



**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES E TALENTOS
DO ENTROIDO 2017**

D./Dna. _____ con DNI nº _____
endereço en _____ e teléfonos _____,
actuando en¹: nome propio representación de²:

EXPÓN:

Que manifesta coñecer as bases que rexen o Concurso de Disfraces e Talentos do Entroido 2017, e aceptando as mesmas,

SOLICITA:

A inscrición no concurso³: Comparsas Camariñas Talent

O nome da Comparsa ou Camariñas Talent será: _____.

As necesidades técnicas para a actuación son as seguintes:

¹ Marcar só un.

² A continuación indicar nome, apelidos e dni de todos os participantes. Se non colle continuar por detrás da follá.

³ Marcar só un.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

En Camariñas a ____ de _____ de 2017.

Asdo: